

ENSAIOS Á CHAMA

Obxectivo:

Recoñece-la presenza dun elemento pola cor da chama.

Material:

- Fío de nicromo (ou aceiro ou platino) mangado nunha cortiza
- Chisqueiro Bunsen
- Espátula
- Cápsulas de porcelana

Reactivos:

- Ácido clorhídrico concentrado
- Sales: nitratos ou cloruros de:
 - sodio
 - potasio
 - estroncio
 - bario
 - calcio
 - litio
 - cobre

PROCEDIMENTO

Nunha cápsula de porcelana poñemos 10 ou 15 mL de ácido clorhídrico. Cunha espátula, engadimos unha pequena cantidade do sal de sodio que teñamos.

Acendémo-lo Bunsen e procuramos que a chama sexa o máis incolora posible. Humedecémo-lo extremo do fío de nicromo na disolución anterior e achegámolo á base da chama (é a zona fría)

avanzando cara á zona máis alta (zona quente). Observámo-la cor que se produce e anotámola.

Limpámo-lo fío de nicromo e introducímolo noutra cápsula que conteña soamente ácido clorhídrico concentrado.

Repetímo-lo procedemento para cada un dos compostos que teñamos e completámo-la seguinte táboa:

Composto	Cor da chama
Composto de sodio	
Composto de potasio	
Composto de litio	
Composto de calcio	
Composto de bario	
Composto de estroncio	
Composto de cobre	

Cuestións:

1. Por que limpámo-lo fío de nicromo antes dun novo ensaio?
2. Como poderías detecta-la presenza dalgún dos elementos anteriores nunha mostra problema?
3. Cal é a causa das diferenzas de cor observadas?